

## **BASES ESPECIFICAS REGULADORAS DAS AXUDAS DESTINADAS Ó TRANSPORTE INTERURBANO DA TERCEIRA IDADE.**

Dentro das competencias relativas á prestación de servizos sociais que ten atribuído este Concello de Boiro (artigo 25.2.K) da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local), convócanse as presentes axudas destinadas á Terceira Idade co fin de paliarlle o custo dos desprazamentos dentro do termo municipal.

### **Base 1ª.- FINALIDADE.-**

A finalidade destas axudas é subvencionar parte do custo do transporte urbano (autobús) á Terceira Idade do Concello de Boiro.

### **Base 2ª.- Crédito presupostario e contía máxima subvencións.-**

O crédito presupostario será o establecido na partida 313.489.02 do Presuposto propio do exercicio en curso ou do Presuposto Prorrogado de se-lo caso. Poderase superar a contía especificada na referida partida sempre e cando se acredite a existencia de crédito na correspondente bolsa de vinculación ou previa modificación presupostaria.

### **Base 3ª.- Beneficiarios.-**

Poderán ser beneficiarios destas axudas as persoas de 65 anos ou mais, sempre e cando estean empadroadas no termo municipal de Boiro e acrediten un ingresos non superiores á pensión mínima contributiva ou pensión mínima non contributiva, fixadas polo Estado para o exercicio en curso.

### **Base 4ª.- Contía das axudas.-**

A contía da axuda económica será o **100%** do custo do transporte urbano, cun máximo de **16** viaxes ó mes.

O transporte urbano a utilizar será o autobús.

### **Base 5ª.- Requisitos.-**

- a) Ter unha idade de 65 anos ou mais.
- b) Estar empadroamento no Concello de Boiro.
- c) Non ter uns ingresos superiores á pensión mínima contributiva ou non contributiva.
- d) Estar ó corrente nas obrigas fiscais coa Facenda, Seguridade Social e co concello.

### **Base 6ª.- Solicitudes e documentación.-**

1.- A solicitude formularase mediante instancia dirixida ó Alcalde-Presidente no modelo normalizado facilitado polo concello e será presentada no Rexistro do Concello.

2.-Cada solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

- Certificación emitida polo órgano competente de estar ó corrente nas obrigas tributarias coa Facenda, Seguridade Social e Concello. Poderase autorizar ó concello para a xestión deste trámite coa Axencia Tributaria.
- Xustificación de que non percibe un ingresos superiores á pensión mínima contributiva ou non contributive.

### **Base 7ª.- Prazo de presentación de solicitudes.-**

Dende ó día seguinte ó da aprobación das presentes Bases polo órgano competente.

### **Base 8ª.- Tramitación.-**

1.- A unidade técnica correspondente comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos esixidos nas presentes bases, requirindo ó interesado/a por escrito para a enmenda dos defectos que houbera, con indicación de que, se así non o fixera no prazo de 10 días, terase por desistido no seu pedimento, logo da correspondente resolución, que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

2.- Revisada a documentación e completada no seu caso, someterase a resolución do órgano competente, que, de acordo coas Resolúcións da Alcaldía de data 30 de decembro de 2003 en relación coa resolución de 16 de xuño de 2003, resulta ser a Xunta de Goberno Local.

### **Base 9ª.-**

1.- Unha vez resolta a solicitude polo órgano competente, o beneficiario deberá xustificar a aplicación dos fondos mediante a presentación, no departamento de Intervención, dos tickets correspondentes que acrediten a realización do viaxes realizadas.

2.- Poderá optarse pola xustificación mensual, trimestral, semestral ou anual.

### **Disposición Adicional Primeira.-**

Facúltase á Xunta de Goberno Local para a interpretación de calquera dúbida que surxa na aplicación das presentes bases.

### **Disposición Adicional Segunda.-**

Para o non previsto nesta convocatoria serán de aplicación as normas incluídas nas Bases de Execución do Presuposto Xeral do Concello de Boiro para o exercicio de 2005, na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Boiro e na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

**Disposición Final.-**

As presentes bases foron aprobadas pola Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 20 DE SETEMBRO DE 2005, e modificadas na sesión do 19 de SETEMBRO DE 2006, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

**MODELO INSTANCIA AXUDAS P<sup>a</sup> TRANSPORTE URBANO DA TERCEIRA IDADE**

Don/a \_\_\_\_\_, con DNI nº \_\_\_\_\_, e enderezo en \_\_\_\_\_, parroquia de \_\_\_\_\_, municipio de BOIRO, teléfono \_\_\_\_\_.

**EXPÓN:**

1.- Que considero que reuno tódolos requisitos esixidos para ser beneficiario da subvención arriba indicada de acordo coas Bases Específicas aprobadas pola Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2005 e modificadas na sesión do 19 de setembro de 2006.

Polo que declaro o seguinte: (sinalar con X)

Por todo o exposto,

	Teño unha idade de ____ anos
	Estou empadroad/a no Concello de Boiro
	Teño uns ingresos mensuais de _____, cantidade que non supera a pensión mínima _____ (indicar si é contributiva ou non contributiva). Como xustificación de dito extremo acompaño a seguinte documentación: _____
	Estou ó corrente nas obrigas fiscais con Facenda, Seguridade Social e Concello de Boiro. (Mediante a presente solicitude autorizo ó Concello de boiro a que realice a xestión deste trámite coa Axencia Tributaria)

**SOLICITO:**

Se me conceda a axuda para o transporte urbano da terceira Idade

**Asdo.**

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BOIRO**